



REGULAMENTO DE ENCONTROS E COMPETICIÓNS

Contido

TITULO PRIMEIRO - DAS COMPETICIÓNS	3
CAPÍTULO I - DISPOSICIÓNS XERAIS	3
Sección primeira – Tempada Oficial	3
Sección segunda - Das Competicións Oficiais	3
Sección terceira – Das Competicións de Ámbito Zonal	4
Sección cuarta – Composición das Divisións	4
Sección quinta – Sistemas de Competición	5
Sección sexta – Dos Desempates	6
Sección Séptima – Da inscrición de Equipos	8
TITULO SEGUNDO - DOS ENCONTROS	9
CAPITULO I - DAS NORMAS XERAIS	9
Sección primeira – Da Uniformidade e Balóns de Xogo	9
Sección segunda – Do Campo de Xogo	10
Sección terceira – Datas de Celebración de Encontros Oficiais	12
Sección cuarta – Dos Horarios	13
Sección quinta: Cambio de Data, Hora e/ou Campo de Xogo	14
Sección sexta – Da Comunicación de Resultados	15
Sección sétima – Suspensión e Interrupción dos Encontros	16
Sección oitava – Altura da Rede	17
Sección novena – Persoas que Poden Permanecer no Banquillo	17
CAPITULO II - ALIÑACIÓN DE XOGADORES E ADESTRADORES	18
TITULO TERCEIRO - DAS LICENZAS E PARTICIPACIÓN NOUTRAS CATEGORÍAS	19
CAPITULO I - TIPOS DE LICENZAS E PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN	19
Sección primeira – Tipos de Licenzas	19
Sección segunda – Procedemento de Tramitación de Licenzas	20
Sección terceira – Cambio de División	21
Sección cuarta – Recalificación de Xogadores en Categoría	21
Sección quinta – Xogadores con Licenza de Categoría Inferior	21
CAPITULO II - DOCUMENTACIÓN DOS XOGADORES	21
TITULO CUARTO - EQUIPO ARBITRAL	23



CAPITULO I - COMPOSICIÓN	23
CAPITULO II - AUTORIDADE DOS ÁRBITROS	24
CAPITULO III - ARBITROS NEUTRAIS	26
TITULO QUINTO - CONTROIS ANTIDOPAXE	26
TITULO SEXTO - CONTROIS DE SEXO	27
DISPOSICIÓN FINAL.....	27

TITULO PRIMEIRO - DAS COMPETICIÓNS

CAPÍTULO I - DISPOSICIÓNS XERAIS

Sección primeira – Tempada Oficial

Artigo 1º

A temporada oficial de voleibol, vólei praia e vólei neve terá o seu inicio o día 1 de setembro de cada ano e finalizará o 31 de agosto do ano seguinte.

Artigo 2º

Os campionatos e competicións de ámbito zonal que clasifiquen para participar en competicións de ámbito autonómico deberán finalizar nas datas que se fixen anualmente nas normas específicas de cada competición.

Artigo 3º

A Comisión Delegada da FGVb poderá suspender ou ampliar a temporada oficial de xogo en caso de circunstancias extraordinarias que así o xustifiquen.

Sección segunda - Das Competicións Oficiais

ARTIGO 4º

1. A FGVb organizará cada temporada, directamente ou a través das súas Delegacións Zonais, as competicións oficiais de ámbito autonómico que se sinalan nas Normas Específicas de Competición, coas limitacións que se establezan e coas contrapartidas que puidesen corresponder.
2. A FGVb poderá delegar nun terceiro o desenvolvemento dalgunha das competicións oficiais, coas limitacións que se establezan e coas contrapartidas que por tal delegación puidesen corresponder, mediante a sinatura dun convenio aprobado pola Asemblea Xeral da FGVb.
3. A cobertura médica ofrecida pola mutualidade deportiva soamente será de aplicación nas competicións que sexan recoñecidas como oficiais pola FGVb.

Artigo 5º

Terán a consideración de competicións oficiais de ámbito autonómico as seguintes:

- a) Campionatos Galegos en calquera das súas categorías que sexan convocados pola FGVb.

- b) Ligas Galegas en calquera categoría convocadas pola FGVb.
- c) Campionatos, torneos ou eliminatorias zonais en calquera categoría, que sexan fase previa clasificatoria para algunha das competicións ás que se refiren os apartados anteriores, podendo delegarse a súa organización nas Delegacións Zonais da FGVb.
- d) Calquera outro campionato ou torneo ao que a FGVb confíralle expresamente a condición de competición oficial.

A FGVb resérvase o dereito de impoñer as medidas correctoras oportunas, incluso a non tramitación da licenza, a calquera xogador, adestrador, árbitro, anotador, auxiliar ou delegado que participe en competicións non oficiais ou non homologadas pola FGVb.

Sección terceira – Das Competicións de Ámbito Zonal

Artigo 6º

As Delegacións Zonais da FGVb poderán organizar aquelas competicións oficiais que acorden coa FGVb. Para que unha destas competicións sexa recoñecida como oficial, as Delegacións Zonais, agás que as Normas anuais de Competición determinen outra cousa, deberán remitir á FGVb a seguinte documentación:

- 15 días antes do inicio da competición: Relación de equipos participantes, datas de cada xornada e sistema de competición elixido. A FGVb elaborará con estes datos o calendario da competición.
- 08:00 horas do mércores anterior a cada xornada: Horario e lugar de xogo dos encontros da xornada.
- 08:00 horas do luns posterior a celebración de cada xornada de competición: Resultados dos encontros disputados.

O incumprimento do indicado no presente Artigo poderá motivar o non recoñecer a competición correspondente. As competicións das Delegacións Zonais non poderán interferir o normal desenvolvemento das competicións oficiais da FGVb.

Sección cuarta – Composición das Divisións

Artigo 7º

1. Cada División estará composta polo número de equipos que a Asemblea Xeral da FGVb determine, sen que o número total de equipos participantes nas competicións de ámbito autonómico poida ser inferior a catro. Nas

- Ligas de ámbito zonal poderá establecerse un número inferior se así o estimase conveniente a Dirección Técnica da FGVb.
2. Todos os equipos participantes nunha competición manterán o seu dereito a competir na mesma división ao remate da temporada, agás polos condicionantes regulados nos sistemas de ascensos, permanencias o descensos ou pola excepcionalidade das reestruturacións aprobadas pola Asemblea Xeral da FGVb, que serán de obrigado cumprimento.
 3. En caso de reestruturación con ampliación das divisións, os equipos descendidos poderán cubrir as vacantes que a ampliación das divisións leve sempre que o soliciten á FGVb por escrito, dentro dos 30 días naturais seguintes á data de aprobación da ampliación.

Sección quinta – Sistemas de Competición

Artigo 8º

Os sistemas de competición poderán ser por eliminatorias ou puntos:

- a) Liga a catro voltas (se o número de equipos fora igual ou inferior a catro).
- b) Liga a dobre volta.
- c) Liga a dobre volta por grupos. Desenvolverase primeiro a fase previa e despois a fase final, segundo a orde clasificatoria obtida na fase previa.
- d) Sistemas de Play-Off (a tres ou cinco encontros).
- e) Sistemas de copa por eliminatorias (a un ou dous encontros).
- f) Sistemas de series. Encadraranse os equipos en tres series en función dos puntos acadados nas probas anteriores, dentro de cada serie haberá dous grupos que disputarán a competición en un sistema simplificado.
- g) Calquera outro sistema que garanta o desenvolvemento dunha competición, cando a Asemblea Xeral da FGVb, así o aprobe e se estableza nas Normas Específicas de cada competición.

Artigo 9º

O sistema de xogo de cada competición fixarase nas Normas Específicas de cada unha delas.

Artigo 10º

As competicións que se celebren polo sistema de Copa a un só partido, clasificarán en cada eliminatoria ao equipo vencedor do encontro.

Artigo 11º

Cando unha competición se disputara polo sistema de Liga a unha ou máis voltas, cada encontro dará lugar ás puntuacións seguintes: dous puntos ao equipo gañador e un punto ao equipo perdedor, por participación. As Normas específicas de cada competición poderán establecer un sistema distinto de puntuación, así como as fórmulas de desempate en caso de igualdade a puntos.

Artigo 12º

1. Cando unha competición se desenvolva polo sistema de eliminatoria entre dous equipos e un equipo non se presente a disputar un dos encontros programados ou se retire do campo de xogo antes de que finalice oficialmente este, considerarase a todos os efectos eliminado, proclamándose vencedor da eliminatoria ao outro equipo participante. Se o sistema é de Play-Off, no momento en que un dos equipos non se presente a disputar un encontro, quedará eliminado. Se non se presentaran o se retiraran do campo os dous equipos considerarase a ambos eliminados, quedando esta eliminatoria sen ningún equipos clasificado.
2. Os encontros de promoción entre dous equipos para permanecer ou descender de categoría terán a consideración de eliminatorias aos efectos do disposto neste regulamento.

Artigo 13º

Rematada unha competición polo sistema de Liga, farase a clasificación final, do primeiro ao último posto, en función do total de puntos alcanzados por cada equipo participante na competición, e de acordo co disposto neste regulamento.

Artigo 14º

No caso de que nunha competición participase algún equipo sen dereito ao ascenso, isto non impedirá que exista unha soa clasificación. Se o equipo sen dereito ao ascenso ocupara un posto con dereito a este, o dito dereito pasaría ao seguinte equipo na clasificación que non teña esta incompatibilidade.

Sección sexta – Dos Desempates

Artigo 15º

1. Para establecer a orde definitiva dos equipos que se atopen empatados a puntos ao final de cada xornada, eliminatoria ou competición seguirase o disposto nesta sección.

2. Nos casos de eliminatoria entre dous equipos que rematen cun partido gañado por cada un deles, disputarase a continuación un Set de Ouro de acordo aos seguintes criterios:
 - Ambos equipos sumarán puntos como na clasificación da liga regular. Por tanto para unha vitoria por 3-0 ou 3-1, outorgaranse tres puntos, por unha vitoria por 3-2, dous puntos e por unha derrota por 3-2, un punto.
 - O Set de Ouro xogarase a quince puntos, con diferenza de dous, e soamente cando os dous equipos terminen con puntos iguais, despois de dous partidos. Se un equipo gañou o primeiro partido 3-0 ou 3-1, no partido de volta necesitarían dous sets ganados para clasificarse sen xogar o Set de Ouro.

3. Nas clasificacións resultantes dunha competición polo sistema de Liga e no caso de igualdade a puntos entre dous ou máis equipos a clasificación definitiva obterase en base aos seguintes criterios:
 - Primeiro: O cociente de sets ao longo de toda a competición, resultando vencedor aquel que o teña mais alto.
 - Segundo: O maior cociente de puntos ao longo de toda a competición.
 - Terceiro: De persistir o empate entre dous ou máis equipos, aplicaranse os puntos 1º e 2º deste artigo pero tomando como base exclusivamente os encontros disputados entre os equipos empatados.
 - Cuarto: Se pese a isto persistira o empate disputarase unha eliminatoria entre os implicados a partido único en campo neutral.

Artigo 16º

Nas competicións que teñan clasificación final dada polo desenvolvemento de sistemas tipo play-off, aplicarase a seguinte fórmula, agás que as normas específicas da competición indique o contrario:

- A dous partidos gañados: o primeiro encontro disputarase na cancha do peor clasificado e o segundo na cancha do mellor clasificado. Caso de precisarse un terceiro encontro, este desenvolverase na cancha do mellor clasificado dentro das 24 horas seguintes á finalización do segundo. A fin de evitar dobre desprazamento, o segundo encontro deberá celebrarse sempre en sábado ou véspera de festivo.
- A tres partidos gañados: os dous primeiros encontros disputaranse no campo do mellor clasificado con 24 horas de separación entre ambos. Os encontros terceiro e cuarto xogaranse na cancha do peor clasificado, con 24 horas de separación entre ambos. Se fora necesario disputar un quinto

encontro, este terá lugar no campo do equipo mellor clasificado. Os encontros primeiro e terceiro deberán ser fixados en sábado ou véspera de día festivo.

Sección Séptima – Da inscrición de Equipos

Artigo 17º

1. Para que se autorice a inscrición dun club en competicións da FGVb, a documentación necesaria deberá ter entrada na FGVb antes da data máxima que se indique na normativa específica de cada competición, e aboar todas as taxas e dereitos que correspondan, así como non ter débedas pendentes. Pasada esa data sen enviar a documentación pertinente considerarase non inscrito a todos os efectos. A documentación será a que se indique neste Artigo e nas Normas Específicas de cada competición, incluído o aboamento de todas as taxas e dereitos que correspondan.
2. Para que unha entidade poida ser admitida pola FGVb en competicións oficiais deberá presentar, con carácter previo ao inicio da competición e nas datas que se indiquen nas Normas Específicas para cada competición, a seguinte documentación:
 - a) Boletín de inscrición do equipo. Presentarase no modelo oficial da FGVb.
 - b) Estatutos dos clubs. Presentarase fotocopia dos Estatutos do Club unicamente se non existiran con anterioridade na FGVb ou non estiveran actualizados.
 - c) Ficha do club. Presentarase en modelo oficial da FGVb unicamente se non existiran con anterioridade na FGVb ou non estiveran os datos actualizados.
 - d) Fianza. Presentarase mediante cheque conformado, ou outro medio que se sinale nas Normas Específicas de cada competición, polo importe correspondente que se sinale para cada competición. Este importe será devolto aos clubs, no prazo máximo de 60 días seguintes ao remate da temporada oficial, descontando deste as cantidades que puidera ter o club pendentes de liquidación no momento de producirse a súa devolución. Se o dito importe non cubrira todas as débedas pendentes, o club disporá dun máximo de 30 días dende o requirimento de pago para corrixir esta situación e, de non facelo, aplicaráselle o disposto no Regulamento Disciplinario.
 - e) Taxa de inscrición.
 - f) Calquera outro que se estableza por parte da FGVb.

TITULO SEGUNDO - DOS ENCONTROS

CAPITULO I - DAS NORMAS XERAIS

Artigo 18º

En todos os encontros tanto de competición oficial como amigables xogaranse de acordo ao disposto polas Regras Oficiais de Xogo aprobadas pola Federación Internacional de Voleibol (FIVB) e editadas oficialmente pola RFEVB. Así mesmo rexeranse polas disposicións deste Regulamento, sen prexuízo das normas ditadas no uso da súas competencias polos órganos directivos competentes da FGVb.

Artigo 19º

Para poder empezar validamente un encontro, cada un dos equipos deberá ter no terreo de xogo o mínimo de xogadores que marca o Regulamento Oficial de Xogo vixente. Cando compareza un equipo cun número de xogadores inferior ao mínimo autorizado para dar comezo un encontro considerarase incomparecencia e será sancionado de acordo ao previsto no Regulamento Disciplinario.

Artigo 20º

Para a celebración dun encontro o número máximo de xogadores que cada equipo poderá inscribir na acta será de 14 incluídos os líberos, agás que as normas xerais de cada tempada ou normas específicas establezan outro máximo.

Sección primeira – Da Uniformidade e Balóns de Xogo

Artigo 21º

1. Todos os equipos deberán dispor de uniformidade para os seus equipos de acordo coas Regras Oficiais de Xogo, equipando a todos os seus compoñentes de camisetas iguais e da mesma cor, numeradas do 1 ao 99, así como de pantalóns coas mesmas características das camisetas. O deseño, tamaño e cor dos números debe ser o mesmo en todas as camisetas. A cor dos números contrastará co resto da camiseta e estarán colocados no centro do peito e no lombo. O tamaño de cada díxito será de entre 10cm e 15cm de alto no peito, e de entre 15cm e 20cm de alto no lombo. O ancho será proporcional. A cinta que forma cada díxito será de 2cm de ancho. Nos números formados por 2 díxitos, o espazo entre os mesmos será de 2cm.
2. Cando unha competición celebrárase por sistema de concentración, considerarase como local, aos efectos do cambio de camiseta, ao que figure en primeiro lugar no programa oficial do encontro.

Artigo 22º

1. En caso de que, a xuízo dos árbitros, a cor dos uniformes de xogo de ambos equipos poida prestarse a confusión, o equipo que actúe como visitante deberá cambiar o uniforme por outro distinto. Se o encontro fose en campo neutral, deberá cambialo, agás acordo previo dos dous equipos, aquel que figure en segundo lugar no programa do encontro.
2. En determinadas competicións, cando así o determinen as súas Normas de Competición, será obrigatorio por parte dos equipos reflectir na Folla de Inscripción a principio de temporada as cores titular e suplente dos seus uniformes de xogo e poderase obrigar a cambiar a cor ao equipo visitante se coincide coas cores oficiais do equipo local.
3. En caso de partidos televisados, será o equipo técnico de TV quen determinará se as cores das camisetas dos equipos poden dar lugar a confusión. Nestes casos ambos equipos contarán, polo menos, cun uniforme de cor clara e outra de cor escura, tendo preferencia na elección de cor o equipo local. No caso de ser campo neutral, terá preferencia aquel que figure en primeiro lugar no programa do encontro.

Artigo 23º

1. O balón de xogo homologado para as competicións organizadas pola FGVb publicárase cada ano nas Normas de Competición ou mediante circular ao efecto. Todo club que nun encontro actúe como local terá a obriga de presentalos aos árbitros. O incumprimento desta norma sancionárase de acordo ao previsto no Regulamento Disciplinario.
2. Calquera dos dous equipos poderá propoñer a través do seu capitán a substitución dun balón que estimen defectuoso, alterado ou deteriorado durante o transcurso dun encontro, sendo o Primeiro Arbitro quen debe resolver en última instancia.

Sección segunda – Do Campo de Xogo**Artigo 24º**

1. O campo de xogo que utilicen os clubs nos seus encontros oficiais, así como os elementos e dispositivos de seguridade e protección, reunirán as condicións sinaladas polas Regras Oficiais de Xogo. O equipo local é o responsable do cumprimento de todas as condicións previstas segundo o sinalado neste regulamento.
2. A condición regulamentaria dos campos de xogo será determinada pola FGVb. Excepcionalmente, a FGVb poderá autorizar de forma expresa a

celebración de partidos en campos de xogo que non reúnan algunha das condicións antes sinaladas, con carácter xeral ou particular.

3. Todos os campos nos que se disputen encontros de competicións oficiais de ámbito autonómico deberán ser cubertas e pechadas. Na máxima categoría autonómica senior o chan deberá ser de madeira ou de material sintético e homologado pola FGVb. Sen este requisito o equipo non será autorizado a disputar os seus encontros no dito campo. Deberán contar cos elementos técnicos que esixan o presente Regulamento, as Regras Oficiais de Xogo e as Normas Específicas da respectiva competición.
4. O club local deberá ter disposto coa suficiente antelación ao inicio do encontro como mínimo, os seguintes requisitos:
 - a) Una mesa e cadeiras para o anotador e encargado do marcador, así como cadeiras e bancos para os dous equipos, e para o delegado federativo se o houbera.
 - b) A ambos lados da Mesa de Anotación deberán situarse os banquiños ou cadeiras para os xogadores suplentes, adestradores e persoas autorizadas. Estes bancos ou cadeiras deberán situarse a unha distancia mínima de tres metros da Mesa de Anotación e da liña que delimita a cancha.
 - c) O equipo técnico necesario para a boa marcha do encontro.
 - d) Os medios de separación indispensables entre o terreo de xogo e o público, coas debidas medidas de seguridade para o equipo arbitral e visitante.
 - e) Nas máximas categorías autonómicas sénior, xuvenil, cadete e infantil unha cadeira - plataforma para o primeiro árbitro, que permitir estar de pé a un mínimo de 1,50m de altura.
 - f) Vestiarios independentes para cada equipo e para os árbitros. Estarán situados na propia instalación deportiva e provistos de lavabos, duchas e demais elementos sanitarios.
 - g) Proporcionar ao equipo visitante os balóns oficiais sinalados nas Normas Específicas de cada competición necesarios para o seu quecemento (un balón por parella) así como o balón ou balóns de xogo (segundo se xogue con ou sen recolle-balóns).
 - h) Marcador automático ou, no seu defecto, manual.
 - i) Aqueles outros elementos que se indiquen como obrigatorios na normativa da FGVb.
5. As redes, postes, variñas, cadeira arbitral e demais material necesario deberán ser de material e marca homologadas pola FGVb.

6. A utilización de protectores nos postes de voleibol e cadeiras arbitrais co fin de evitar lesións será de obrigado cumprimento en todas categorías e divisións.
7. Os campos onde se dispute un encontro oficial de voleibol, vólei praia ou vólei neve da máxima división de cada categoría, terán que dispor obrigatoriamente dun espazo destinado ao público e de libre acceso. No caso de que o acceso se faga mediante o uso de abonos, entradas ou sistemas de control e/ou reserva similares, deberá ofertarse ao club rival un espazo nas condicións que a normativa establece o respecto, cun mínimo de 5 días laborais a celebración do encontro e con 48 horas para dar resposta.

Sección terceira – Datos de Celebración de Encontros Oficiais

Artigo 25º

1. Todo encontro considerase celebrado na data que indique o calendario de competición, aínda cando por motivos autorizados se disputara en data anterior ou posterior. Os equipos que participen noutras competicións deberán acomodar os seus compromisos ao cumprimento dos calendarios establecidos e non será causa de modificación de data as incidencias que deriven doutras competicións.
2. A orde de encontros dunha competición determinarase por sorteo, pola orde de clasificación nunha competición previa ou por calquera outro criterio cando así se determine nas Normas Xerais ou Específicas de cada competición. Unha vez establecido o calendario correspondente non poderá alterarse agás por causas de forza maior ou outras establecidas regulamentariamente.
3. Poderanse xogar partidos en día laborable cando haxa acordo entre os clubs contendentes, e previa autorización do órgano competente. Igual trámite seguirase para fixar a data na que se celebren os encontros suspendidos ou anulados, total ou parcialmente, e no seu caso os desempates cando na normativa vixente non se determine outra cousa.
4. Os encontros da primeira volta dunha competición que non se disputasen na data prevista e que foran autorizados expresamente e por escrito motivado por parte da FGVb, deberán disputarse obrigatoriamente antes do comezo da segunda volta da dita competición. No caso dos encontros aprazados da segunda volta, estes deberán disputarse antes do final da liga ou fase da competición da que se trate, agás causas de forza maior segundo criterio da FGVb.

Sección cuarta – Dos Horarios**Artigo 26º**

1. Os equipos locais deberán fixar as horas e lugares de xogo dos encontros antes das 20:00 horas do martes anterior á celebración de cada xornada segundo o calendario oficial. Este horario estará comprendido dentro dos límites que sinala o presente Regulamento ou as Normas Específicas de Competición.
2. No caso de que un equipo non teña sinalado o horario dos seus partidos ao remate do prazo indicado no punto anterior, o encontro non se disputará, daráselle ó equipo o encontro por perdido co resultado de 3-0 con todos os sets a cero puntos, e será sancionado de acordo ao previsto no Regulamento Disciplinario por incomparecencia.
3. Deberá evitarse que a cancha estea ocupada para evitar o retraso no comezo do encontro.
4. A comunicación das horas e lugares de xogo dos encontros farase a través da plataforma proporcionada pola FGVb, sendo o único medio válido para a xestión de horarios e sedes dos encontros por parte dos Clubs.

Artigo 27º

1. As Normas Específicas para cada competición poderán regular outros días tope de comunicación de horarios.
2. A todos os efectos, agás que as Normas Específicas de cada competición establezan outra cousa, os horarios de inicio dos encontros serán os fixados polo club local dentro da xornada correspondente. A xornada comprende o período entre o indicado no cadro que continua:

CATEGORÍA	SÁBADO MAÑÁ	SÁBADO TARDE	DOMINGO MAÑÁ	DOMINGO TARDE
INFANTIL	10:00 a 14:00	16:00 a 18:00	10:00 a 14:00	16:00 a 18:00
CADETE	10:00 a 14:00	16:00 a 18:00	10:00 a 14:00	16:00 a 18:00
XUVENIL JÚNIOR	10:00 a 14:00	16:00 a 20:00	10:00 a 14:00	16:00 a 18:00
SÉNIOR	Solo por acordo	16:00 a 20:00	09:30 a 13:00	16:00 a 18:00

Por último, cando exista acordo entre os equipos ou por decisión da FGVb, o horario poderase ampliar para todas as categorías a calquera día laboral entre as 18:00 a 21:00 h.

Artigo 28º

A FGVb poderá establecer un horario común nas dúas últimas xornadas dunha competición determinada naqueles encontros que puideran afectar ao título, aos ascensos, descensos ou á clasificación para outras competicións.

Artigo 29º

1. A hora sinalada polos clubs para os seus partidos oficiais debe fixarse en atención aos medios de transporte ordinarios dos equipos visitantes co obxectivo de limitar ao mínimo a súa estancia. Ademais deberán ter en conta a compatibilidade de horarios cos encontros dos equipos do mesmo club das categorías inmediatamente superior e inferior ao dito equipo.
2. O equipo visitante deberá elixir para a viaxe o medio mais axeitado para chegar a disputar o encontro na hora marcada previndo posibles atrasos ou suspensións do medio de transporte elixido.
3. Os árbitros, en todo caso, estarán obrigados a esperar quince minutos como cortesía dende a hora fixada como comezo do encontro antes de dar finalizado este. Esta regra non se aplicará no caso de que estean presentes algúns dos compoñentes do equipo que se despraza e avisen de que o resto sofren un atraso por causas de forza maior ou se isto é comunicado por algún medio para que teña constancia o equipo arbitral e o equipo contrario. Tales causas serán estudadas polos órganos disciplinarios á hora de determinar a existencia ou non de sanción. A mesma espera será aplicada no caso da non presenza do equipo arbitral.

Sección quinta: Cambio de Data, Hora e/ou Campo de Xogo**Artigo 30º**

1. Para autorizar un cambio de data, hora ou campo de xogo nalgún encontro, os clubs interesados atenderán ao disposto nas Normas de Competición.
2. Calquera modificación de horario, data ou campo de xogo non autorizado expresamente pola FGVb, non será válida, sendo responsabilidade do Club a todos os efectos. Non obstante e como excepción, en caso de forza maior ou emerxencia imprevisible, o árbitro do encontro poderá variar a hora e o campo de xogo en cumprimento da obriga establecida de esgotar todos os medios para que os partidos se celebren.
3. Os encontros publicaranse automaticamente na web unha vez sexan confirmados polo Club ou pola Federación segundo o caso que estableza a normativa. A partir dese momento non admitirase ningunha modificación, agás as regulamentariamente previstas.

Artigo 31º

1. A FGVb poderá conceder un cambio na data de xogo dun encontro sempre que se solicite con anterioridade a data límite sinalada no artigo anterior de publicación dos horarios oficiais dos encontros de cada xornada. Ademais, a solicitude deberá facerse a través da plataforma ou no Modelo Oficial habilitado para tal fin da FGVb segundo corresponda, establecendo a nova data e/ou hora de xogo do encontro e contar coa conformidade por do equipo contrario e da Federación.
2. A FGVb poderá conceder tamén cambios de hora e/ou campo de xogo dos encontros con posterioridade á data de publicación dos horarios oficiais dos encontros de cada xornada. Esta solicitude deberá facerse tamén a través da plataforma ou no Modelo Oficial habilitado para tal fin da FGVb segundo corresponda, establecendo a nova data e/ou hora de xogo do encontro e contar coa conformidade por do equipo contrario e da Federación.
3. A FGVb poderá establecer as variacións de data, hora ou terreo de xogo que sexan precisas en razón de circunstancias especiais que así o aconsellen (transmisión de encontros por televisión, alertas meteorolóxicas, incompatibilidade de horarios cos equipos do mesmo club de competicións nacionais, etc).
4. A Federación non validará con anterioridade ningunha solicitude canto a mesma supoña un custe para o Club segundo a normativa actual. A este efecto, o custe será sempre o correspondente por táboa de normativa ao última solicitude aportada, non o inicio da mesma; é dicir, si se fai a solicitude cunha anterioridade cun custe, e a aceptación do Club rival se demora e supón un custe superior, será esta última data a que determine o custe da solicitude atendendo sempre as táboas da normativa que aplique.

Sección sexta – Da Comunicación de Resultados**Artigo 32º**

Os árbitros principais de cada encontro teñen a obriga de comunicar os resultados dos seus partidos antes das 08:00 horas do día seguinte á celebración de cada encontro. Os resultados comunicaranse a través da plataforma web da FGVb, axuntando ademais unha copia dixitalizada da acta do encontro, así como toda a documentación relacionada co mesmo. O incumprimento da citada norma será sancionado de acordo ao previsto no Regulamento Disciplinario.

Sección sétima – Suspensión e Interrupción dos Encontros**Artigo 33º**

1. Ningún encontro poderá ser suspendido máis que pola FGVb no uso das súas atribucións. Os árbitros deberán esgotar todos os medios posibles antes de suspender un encontro
2. En caso de forza maior, actitude gravemente perigosa do público ou de calquera dos contendentes para a seguridade e integridade física do equipo arbitral, dos xogadores ou dos acompañantes, os árbitros ou o delegado federativo, se o houbera, poderán suspender o encontro por delegación da FGVb, informándolle inmediatamente a esta das causas que motivaran a suspensión así como das medidas adoptadas.
3. Nestes casos o Comité de Competición decidirá de conformidade coa regulamentación vixente se o encontro se da por finalizado ou debe xogarse novamente, sen prexuízo das sancións que houbera de aplicar.

Artigo 34º

No caso de determinar o Comité de Competición a repetición do encontro este haberá de celebrarse cos mesmos xogadores/as que figuraban na acta do encontro repetido.

Artigo 35º

Cando un encontro se suspendera pola non comparecencia dun dos equipos contendentes e este xustificara adecuadamente segundo o criterio do Comité de Competición, este disporá a nova celebración do encontro así como a asunción dos gastos de arbitraje por parte do equipo non comparecido inicialmente.

Artigo 36º

Cando un encontro non se celebrara pola non comparecencia dos árbitros, os órganos xurisdicionais federativos disporán a nova data de celebración do encontro, correndo a cargo da FGVb os gastos producidos aos equipos implicados, sempre que estean debidamente xustificadas, e sen que isto exima aos árbitros implicados das posibles sancións estipuladas no Regulamento Disciplinario da FGVb.

Artigo 37º

Se o equipo visitante se desprazara e, por causa de forza maior, fora preciso suspender un partido oficial, antes ou despois do seu comezo, os clubs poderán poñerse de acordo para que nas 48 horas seguintes este se xogue ou continúe. Neste caso os árbitros designados para o partido suspendido non terán a obriga de arbitralo na nova data pero, no caso de renunciar, deberán notificalo no

mesmo día da suspensión ao Comité Técnico Galego de Árbitros para que proceda ao nomeamento dos substitutos. Se non o fixeran así, entenderase que aceptan o seu nomeamento.

Artigo 38º

Un partido suspenderase a petición do equipo visitante cando transcorrera unha hora respecto da fixada para o inicio do encontro por causas imputables ao club local, tales como deficiencias do terreo de xogo que a xuízo dos árbitros non poidan subsanarse, ocupación do campo ..., podendo ser sancionado de acordo ao previsto no Regulamento Disciplinario unha vez examinadas as circunstancias de cada caso.

Sección oitava – Altura da Rede

Artigo 39º

O equipo arbitral debe vixiar que a rede estea situada á altura oficial. Se isto non ocorrera deberase adecuar a esta. Sen esta condición non poderá iniciarse o encontro a menos que os capitáns de ambos equipos estean de acordo en xogar nesas condicións. As alturas oficiais son as seguintes:

CATEGORÍA	ALTURA MASCULINA	ALTURA FEMININA
Sénior	2,43 m.	2,24 m.
Júnior	2,43 m.	2,24 m.
Xuvenís	2,43 m.	2,24 m.
Cadetes	2,37 m.	2,18 m
Infantís	2,24 m.	2,10 m.
Alevíns	2,10 m.	2,10 m
Benxamíns	2,00 m.	2,00 m

Sección novena – Persoas que Poden Permanecer no Banquillo

Artigo 40º

Quedan autorizadas para permanecer no banco de cada equipo as persoas debidamente acreditadas, mediante a presentación da súa licenza e inscrición na acta do encontro:

- Primeiro Adestrador/a

- Segundo Adestrador/a
- Fisioterapeuta ou masaxista
- Médico
- Xogadores/as

CAPITULO II - ALIÑACIÓN DE XOGADORES E ADESTRADORES

Artigo 41º

1. Para que os xogadores e adestradores poidan aliñarse validamente por un club en partidos de competición oficial será preciso:

- a) Que se atopen regulamentariamente inscritos e en posesión da licenza a favor do club que os aliñe, ou no seu defecto, que tendo presentada a documentación para a súa inscrición, e estando en regra de acordo coa normativa aplicable, fora autorizado expresamente pola FGVb.
- b) Que a inscrición se realice dentro dos prazos sinalados nas Normas Específicas de cada competición para dilixenciar as licenzas.
- c) Que non se atopen suxeitos a sanción federativa que impida a súa inscrición.
- d) Que non foran aliñados previamente na mesma temporada noutro club en partidos de Competición Oficial da mesma ou superior categoría, de acordo ao disposto no presente Regulamento, agás nos casos regulamentariamente previstos.
- e) Independentemente dos prazos establecidos para a tramitación de licenzas e para a aliñación válida dos xogadores e adestradores, os clubs deberán observar os prazos de carencia establecidos pola Entidade Aseguradora que corresponda.
- f) Solo poderán ser inscritos na acta do encontro e aliñados aqueles adestradores, xogadores e auxiliares fisicamente presentes ata o momento de inicio do encontro, ou ata o momento de pechar a acta nos casos de que un dos equipos non se presentara. A estes efectos considerarase inicio do encontro cando o árbitro faga sonar o seu asubío para proceder ao saúdo oficial entre os equipos.

2. A todos os efectos considerarase que un xogador, adestrador ou auxiliar fora aliñado nun partido se figura na acta oficial deste.

TITULO TERCEIRO - DAS LICENZAS E PARTICIPACIÓN NOUTRAS CATEGORÍAS

CAPITULO I - TIPOS DE LICENZAS E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

Sección primeira – Tipos de Licenzas

Artigo 42º

1. As licenzas poderán ser as seguintes:
 - Xogador de voleibol Máster, Sénior, Júnior, Xuvenil, Cadete, Infantil, Alevín, Benxamín e Prebenxamín.
 - Xogador de Vólei Praia Máster, Sénior, Sub-21, Sub-19, Cadete, Infantil e Alevín.
 - Adestrador de Minivoley.
 - Adestrador Voleibol Nivel I.
 - Adestrador Voleibol Nivel II.
 - Adestrador Voleibol Nivel III.
 - Adestrador de Vólei Praia Nivel I.
 - Adestrador de Vólei Praia Nivel II..
 - Directivo.
 - Delegado.
 - Arbitro internacional.
 - Árbitro Voleibol Nivel I.
 - Árbitro Voleibol Nivel II.
 - Árbitro Voleibol Nivel III.
 - Anotador.
 - Xuíz de liña.
 - Árbitro Vólei Praia Nivel I.
 - Árbitro Vólei Praia Nivel I.
 - Auxiliar:
 - Médico (debe presentar fotocopia do título académico e número de colexiado).
 - Fisioterapeuta ou masaxista (debe presentar titulación).
 - Psicólogo deportivo (debe presentar titulación).
 - Estatístico (debe ter o título oficial expedido pola RFEVB)
 - Outros que expresamente estableza a FGVb ou a RFEVb.

2. Solo poderán tramitar licenza de directivo, delegado ou auxiliar as persoas que sexan maiores de 18 anos.

Sección segunda – Procedemento de Tramitación de Licenzas

Artigo 43º

O procedemento de tramitación de licenzas para competicións oficiais de Ámbito Estatal será a se que sinalen as Normas Anuais de Competición e o Regulamento Xeral da Real Federación Española de Voleibol.

Artigo 44º

Para tramitar licenza a un xogador que non teña como federación de orixe España será indispensable seguir o procedemento de tramitación do tránsfer internacional segundo a normativa da FIVB naquelas competicións nas que así o establezan as Normas Xerais ou Específicas de competición.

Artigo 45º

As taxas por tramitación de licenzas serán aprobadas cada ano pola Comisión Delegada e ratificado pola Asemblea Xeral da FGVb a proposta da Xunta Directiva.

Artigo 46º

1. Un equipo deberá tramitar un mínimo de 8 licenzas de xogadores/as e 1 de adestrador, que deberá posuír a titulación requirida para a competición na que se tramite a inscrición do equipo. As Normas Específicas de cada competición poderán fixar un número mínimo distinto. O número máximo de licenzas de xogadores/as que un equipo pode ter en vigor ao mesmo tempo será de 14, sendo tamén este o límite de licencias que pode tramitar un equipo, agás o sinalado no punto seguinte ou cando as normas específicas de cada competición determinen outro límite. Non existirá límite máximo no número de licenzas de adestradores e auxiliares tramitadas.
2. Non hai límite no número de baixas que pode dar un equipo. Durante a mesma temporada, un equipo que tramitara 18 licenzas non poderá tramitar novas licenzas. Un xogador que fora dado de baixa poderá ser dado de alta, sempre e cando non se supere o anterior número. Deberase utilizar o modelo oficial para dar de baixa a un xogador/a.

Sección terceira – Cambio de División**Artigo 47º**

1. Un xogador sénior dun equipo poderá participar noutros equipos de seu mesmo club que sexan de división superior á do equipo pola que teña expedida a súa licenza nas condicións que establezan as Normas Xerais e específicas de Competición.
2. Os xogadores júniors, xuvenís, cadetes e infantís con licenza de categoría inferior non poderán participar na división superior da súa mesma categoría de idade agás que as Normas Xerais de Competición establezan o contrario.

Sección cuarta – Recalificación de Xogadores en Categoría**Artigo 48º**

1. A FGVb poderá expedir licenzas da categoría inmediatamente superior á que realmente lle correspondería por idade ao xogador nas condicións que se establezan nas normas xerais ou específicas de cada competición.
2. Este xogador con licenza de categoría superior a da súa idade non poderá aliñarse en toda a temporada nas competicións da súa propia categoría agás que as Normas de Competición permitan outra cosa.

Sección quinta – Xogadores con Licenza de Categoría Inferior**Artigo 49º**

1. Cada equipo poderá inscribir na Acta Oficial dun encontro dunha determinada categoría xogadores sen límite de categorías de idade inmediatamente inferior sen que perdan a súa categoría e sempre que teñan licenza oficial da FGVb co mesmo club.
2. Os xogadores de categoría inferior por idade que xoguen noutra categoría superior soamente poderán facelo cun único equipo da mesma división.

CAPITULO II - DOCUMENTACIÓN DOS XOGADORES**Artigo 50º**

1. O documento que garante a inscrición na acta oficial dun encontro e a participación no mesmo de xogadores, adestradores, delegados ou auxiliares, que participen en competicións oficiais de ámbito estatal é a licenza correspondente.
2. Para poder participar nun encontro deberase presentar a autorización federativa e/ou licenza, e o DNI, NIE, pasaporte ou carné de conducir dos participantes. No caso de ausencia dalgún destes documentos, o colexiado do encontro non permitirá a aliñación de participantes agás os seguintes casos:
 - a) FALTA DE DNI, NIE, PASAPORTE OU CARNET DE CONDUCIR: Presentar foto física e asinala ao dorso ante o primeiro árbitro do encontro xunto co número do DNI do participante, xunto co Modelo G-9. Esta documentación será remitida xunto coa acta do encontro ao Comité de Competición. O equipo deberá acreditar a requirimento da FGVb nun prazo máximo de 72 horas a identidade dos participantes mediante a presentación da documentación sinalada e compulsada onde se observe sen lugar a dúbidas a cara e identidade do deportista. O árbitro recollerá no apartado Observacións da acta que o Club achega o modelo G-9 por falta de identificación dos participantes.
 - b) FALTA DE LICENZA OU AUTORIZACIÓN FEDERATIVA. Os participantes certificarán que a teñen correctamente tramitada na FGVb mediante a inclusión da sinatura, DNI e nome de todos os participantes que non a presentaran no Modelo G-9, asinando cada membro sen autorización diante do árbitro principal, que comprobara coa identificación persoal que que é a mesma persoa a que firma. Se o equipo se negase a cumprimentar a certificación, o árbitro non permitirá a inscrición e será considerado como "non comparecencia" a todos os efectos. O árbitro reflectirá na acta calquera anomalía na documentación para que sexa estudada e sancionada, no seu caso, polo comité de competición, así como que se achega o Modelo G-9 do Club por falta de Autorización Federativa..
3. No caso de que se incluíra na acta do encontro algunha persoa sen ter tramitada correctamente a licenza o equipo será sancionado con aliñación indebida. A aliñación indebida na que o xogador que a produza non participe (non interveña) no xogo sancionárase economicamente.
4. Para acreditar a idade dos xogadores será obrigatoria a presentación do DNI, NIE, Pasaporte, Tarxeta de Residente ou documento acreditativo oficial.

5. Cando a petición da FGVb, se solicite confirmar os datos dun xogador por non coincidencia coa Autorización Federativa, e se faga efectiva a actualización de ditos datos na Autorización do equipo, o Club deberá presentar nos seguintes partidos a Autorización mais recente. Non facelo suporá unha falta de veracidade dos datos na Autorización, podendo ser castigada segundo o Artigo 76 do Regulamento Disciplinario.

TITULO CUARTO - EQUIPO ARBITRAL

CAPITULO I - COMPOSICIÓN

Artigo 51º

1. A todos os efectos o equipo arbitral estará integrado por dous árbitros e un anotador. A arbitrase será realizada polo primeiro e o segundo árbitro coa asistencia do anotador. Igualmente poderán estar auxiliados por xuíces de liña. A FGVb poderá autorizar nalgunhas competicións a redución do número de persoas que compoñen o equipo arbitral.
2. Cando por calquera circunstancia non se fixeran as designacións dos árbitros, os nomeados non compareceran ou estes non puideran actuar, seguirase o seguinte procedemento:

a) Se non se presentara ningún membro do equipo arbitral o encontro non poderá disputarse. No caso de que estivera presente algún árbitro este poderase disputar aínda que, no caso de que ningún deles tivera a categoría necesaria para dirixilo, deberá existir acordo previo dos equipos para que o encontro sexa arbitrado por un árbitro sen a titulación requirida para a dita categoría. Este acordo dos clubs farase por escrito, antes de iniciarse o encontro e deberá ser asinado polos capitáns de ambos equipos. Non poderá presentarse reclamación algunha sobre a persoa elixida unha vez asinado o acordo previo.

b) Se non se presentara o segundo árbitro o primeiro poderá decidir substituílo por outro árbitro (se o houbera) ou ben asumir el as funcións do segundo.

c) Se no se presentara o anotador poderá substituírse segundo o criterio do primeiro árbitro.

d) Se durante o encontro se indispuxera repentinamente un dos árbitros o encontro finalizarao o outro. Si se indispuxeran os dous procederase de acordo ao sinalado no punto a.

CAPITULO II - AUTORIDADE DOS ÁRBITROS

Artigo 52º

1. Os árbitros son a autoridade deportiva tecnicamente única para dirixir os encontros e os xogadores, adestradores, delegados, directivos e auxiliares deben acatar as súas decisións sen protesta ou discusión.
2. O primeiro árbitro dun encontro é a máxima autoridade sobre o campo de xogo e como tal será respectado por todos os actuantes. Do primeiro árbitro será a responsabilidade de que o encontro se celebre dentro dos canles deportivos.

Artigo 53º

A presunción de parcialidade dun árbitro durante o partido non da dereito aos participantes no dito encontro a protestar nin discutir as súas resolucións no terreo de xogo.

Artigo 54º

Competen aos árbitros, entre outras funcións:

- a) Coidar da aplicación da Regras de Xogo Oficiais así como da normativa aplicable, resolvendo todos os casos dubidosos e sendo inapelables as súas decisións sobre cuestións de feito ocorridas no curso dos partidos.
- b) Tomar nota das incidencias e levar a responsabilidade das funcións do anotador e dos xuíces de liña.
- c) Suspende temporal ou definitivamente o encontro polas causas previstas regulamentariamente e coa obriga de informar ao organismo competente inmediatamente despois de finalizado o encontro.
- d) Amoestar, castigar, expulsar ou descualificar a aqueles xogadores ou adestradores que actúen de forma incorrecta de acordo co que sinalan as Regras Oficiais de Xogo, desde o momento de entrar na instalación deportiva ata o seu abandono.
- e) Interromper o xogo en caso de lesión importante, ordenando o traslado do xogador fóra do campo a fin de reanudar inmediatamente o

encontro. Os árbitros coidarán de que no se simulen lesións ou outras actitudes que teñan como fin deter o desenvolvemento do encontro.

- f) Antes de comezar o encontro, os árbitros deberán cumprir as obrigas que lles impón o regulamento relativas á inspección do terreo de xogo e dos seus anexos, do balón de xogo,... Comprobarán tamén a identidade dos xogadores que se inscriban na acta, seguindo o procedemento establecido regulamentariamente nos casos de non presentación dos documentos de identificación necesarios ou no caso de existir algunha dúbida. Igualmente comprobarán a identidade dos demais compoñentes do banco e que se atopan en posesión da licenza federativa.

Artigo 55º

O primeiro árbitro será o responsable de que a acta oficial do encontro sexa asinada ao comezo deste polos capitáns e adestradores de cada equipo, e novamente polos capitáns, a súa finalización. Os árbitros asinarán a acta ao final do encontro unha vez que o primeiro árbitro revise todas as anotacións das que dará fe coa súa sinatura. Os capitáns de ambos equipos non poderán negarse a asinar a acta oficial do encontro. O incumprimento desta norma será sancionado polo Comité de Competición.

Os equipos poderán enviar á FGVb os informes e reclamacións que estimen oportunos, sen necesidade de que sexa reflectido na acta nin asinar baixo protesta.

Artigo 56º

O primeiro árbitro informará ao Comité de Competición de cantas incidencias ocorran antes, durante e despois do encontro por medio da acta oficial de xogo ou de informe posterior remitido dentro do prazo recollido no artigo 32 deste regulamento por correo electrónico as direccións correo@volei.gal e competicions@volei.gal.

Artigo 57º

O primeiro árbitro do encontro entregará a cada equipo unha copia da acta oficial e subirá a plataforma da FGVb o orixinal (xunto con informe adicional, se o houbera ou calquera outra documentación relacionada co encontro) e actualizará o resultado do encontro dentro do prazo recollido no artigo 32 desde regulamento no caso de que se producira calquera incidencia. De non haberlas, o prazo establecido para recibir a acta na FGVb será de 15 días naturais dende a finalización de cada fase ou competición. O incumprimento do prazo indicado será sancionado de acordo ao disposto no Regulamento Disciplinario.

Artigo 58º

O árbitro está obrigado a esgotar todos os medios para que os partidos se celebren e cheguen ao seu remate.

Artigo 59º

Cando sexa descualificado un xogador, adestrador, delegado ou auxiliar dun equipo, o árbitro principal remitirá un informe nas mesmas condicións que o establecido no artigo 56 deste regulamento.

CAPITULO III - ARBITROS NEUTRAIS**Artigo 60º**

Calquera club poderá solicitar a designación de árbitro neutral nas condicións que se establecen neste capítulo. Do mesmo xeito a FGVb poderá designalo de oficio se o estima conveniente.

Artigo 61º

Cando un club desexe un árbitro neutral (entendida a neutralidade como domicilio en distinta provincia da dos equipos), poderá solicitalo á FGVb cunha antelación mínima de quince días respecto da data de celebración do encontro. O equipo solicitante deberá aboar unha fianza de 120,00 € para cubrir todos os custes de dietas e desprazamento do árbitro designado. O equipo local pagará os dereitos de arbitraje.

Nas Fases Finais dos Campionatos Galegos Júnios, Xuvenís, Cadetes e Infantís polo menos un dos árbitros deberá estar en posesión, e sempre que sexa posible, da titulación nacional.

TITULO QUINTO - CONTROIS ANTIDOPAXE**Artigo 62º**

1. A FGVb realizará controis antidopaxe de conformidade coa normativa estatal vixente e ao establecido no Regulamento de Dopaxe da RFEVB.

TITULO SEXTO - CONTROIS DE SEXO

Artigo 63º

1. A FGVb poderá realizar controis de sexo en todas as competicións oficiais que se desenvolvan no seu ámbito de actuación, sempre que se dispoña das debidas garantías e medios para facelo. En dito caso, todos os participantes deberán ter sido informados formalmente, con carácter previo a súa participación na competición oficial, sobre a posibilidade de realizar este tipo de controis .
2. Cando as análises sexan positivos procederase a sancionar ao xogador/a, así como a outras persoas implicadas de acordo co previsto no Regulamento Disciplinario da FGVb.

DISPOSICIÓN FINAL

Única.- Todo aquilo que non estea contemplado polo presente Regulamento será regulado polas Normais Xerais e Específicas de cada temporada así como pola normativa da RFEVb.

O presente Regulamento Xeral da FGVb integrado por 63 Artigos e unha Disposición Final foi aprobado pola Comisión Delegada do día 24 de agosto de 2012, así como as respectivas modificacións do 15 de agosto de 2023.